

## Díscurso do Ilmo. Sr. Presidente da Academia na Sesión Ordinaria de Celanova o 27 de novembro de 2010

Segundo L. Pérez López  
Presidente de la Academia Auriense Míndoniense de San Rosendo

Excmos. e Ilmos. Sres. Académicos, dignísimas autoridades, Sras. e Sres.

É para todos nos un momento emocionante o atoparnos de novo á beira e baixo o caxato de San Rosendo que, como se nos dí no Himno celanovés, ten unha roseira enxertada no seu báculo, e eu diría que no seu corazón, xa que aquí ao carón dos seus restos sentimos latexar o seu alento no medio de nos.

Este alento rosendiano fáisenos especialmente real na celebración do Ano Santo Compostelán, e na mensaxe que nos deixou o Papa Bieito XVI na súa visita ao sepulcro do Apóstol como un sinxelo peregrino.

Esta dobre efemérides amósanos que a fe, lonxe de ser un obstáculo, ven a ser unha forza fecunda para a creación de cultura e vida na búsqueda da verdade dende a liberdade; non cabe dúbida que fe cristiá e cultura humana están en estreita conexión, e o gran drama do futuro de Europa estaría no enfrontamento ou a ruptura entre a cultura e a fe, como xa sinalou, no seu día, o Papa Paulo VI e nos recorda cunha forza impresionante Bieito XVI.

O nome de san Rosendo, unido a Mondoñedo, Compostela e Celanova, resume a historia de Galicia do século X, no que a vida monástica vén a ser como un auténtico faro de luz, cultura, renovación material e espiritual desta terra. É, sen dúbida, o preludio da posterior floración cluniacense e cisterciense, sen as cales non se pode entender a historia e a cultura de Galicia. Xunto a isto non podemos esquecer a vinculación do noso patrón co inicio das grandes peregrinacións ao *locus apostolicus*

Xa dende os tempos de San Rosendo, o Camiño de Santiago foi, pola súa significación e polas súas múltiples achegas, un fenómeno importante que condicionou o modo ser de gran parte de Europa; e iso, porque o peregrino xacobeo veu cumprindo ininterrompidamente unha vocación itinerante, que facíao ser “viaxeiro do sagrado” e transmisor de saberes.

A multitude de peregrinos cada vez se acrecentaba máis xa que concorían de todas partes do mundo a visitar a igrexa compostelá, a cal *posita est in orbis spectaculo*.

Peregrinar, dixo o Papa: "é saír de nós mesmos para ir ao encontro de Deus alí onde se manifesta". Isto implica unha concepción do home en movemento para recuperar o imaxinario do camiño e aplicarllo á vida. Aínda que aquí é obrigada a referencia ao camiño de Santiago e a peregrinación a Compostela, sería importante entender a vida humana en termos de peregrinación, o que significa esforzo, sacrificio, alegrías inesperadas, dispoñibilidade para o sorprendente e, sobre todo, recoñecer que non só vivimos pendentes dunhas metas senón pendentes da fragilidade e os cansazos dos corpos. O peregrino sabe que, ademais da ilusión da meta que lle anima, debe coñecerse ben, descubrir a vulnerabilidade do seu corpo, non forzar en demasía a xornada e exercitarse no coidado tanto de si como de todo o que lle rodea. Cando tomamos conciencia da nosa peregrinación e sabemos que Deus púxonos en movemento, que nos deixou no camiño, é moi importante saber e discernir o equipaxe que debemos levar. Desde Ulises ata Machado, toda a nosa cultura está fecundada pola idea do camiño; cando a lemos en clave teolóxica sabemos o importante que é Ítaca, ir lixeiros de equipaxe ou recoñecerse acompañados na soidade".

Sería bo que recuperásemos a paixón pola verdade no horizonte que Xulián Marías chamaba a perspectiva cristiá. A nosa perspectiva non é a única e gustaríanos contrastala con outras perspectivas, con outros horizontes de verdade. Ao enraizarse nunha perspectiva, e converterse nun horizonte, vincúlase a un espazo de experiencias que nos lembra as condicións de liberdade na nosa propia realidade de presente e futura.

A parte da función espiritual, houbo dous aspectos que, no caso do Camiño de Santiago, fixaron a atención: unha relacionada co movemento de mercadorías e outra co de ideas e, en particular, estilos artísticos e devocións. Estando en boga a historia económica, non é de estrañar que se preste atención á importante función comercial do Camiño de Santiago, coa conseguinte aparición dunha burguesía, o establecemento de comerciantes francos ou xudeus, a creación de feiras e o cobramento de peaxes ou portazgos ás persoas e ás mercadorías.

O que hoxe coñecemos como Europa é, como xa temos escrito, unha creación moral xurdida esencialmente como resultado da converxencia do Evanxeo, da razón grega e do dereito romano. Trátase, pois, dunha realidade espiritual e xeograficamente complexa que ten a súa orixe na herdanza cultural que, partindo de Grecia e Roma e prolongándose polo impero bizantino e o romano xermánico, deixa atrás Ilustración e modernidade ata situarse con forza na realidade presente. De modo que o legado que configura o continente europeo é múltiple, componse da herdanza achegada por cada unha destas culturas. A Europa en que vivimos, tal e como a coñecemos na actualidade, xorde trala Idade Media despois de que o cristianismo e a igrexa integráranse en case todos os ordes da vida; conformando as consciencias, as institucións, a arte e a vida política. A súa historia comeza a partir

da era antiga en función do Islam, cuxa expansión militar, relixiosa e política, orixinou un troco radical nas formas de vida do Occidente cristián. A partir do ano mil xéstanse as nacións e o cristianismo será o factor de unidade entre elas. Esta vella Europa berce das nacións, das universidades, dos Concilios, das peregrinacións a Santiago, Roma e Xerusalén, é o fermento da moderna Europa, que xorde daquela herdanza e hoxe sitúase, en grandes espazos sociais, en actitude de rexeitamento poñendo en cuestión as propias raíces.


Da importancia destes feitos é moi consciente Bieito XVI e, dende a súa grande categoría intelectual, quere mostrar, en diálogo coa ilustración e a laicidade, que a proposta filosófica e teolóxica da fe cristiá non é enemiga do progreso e do futuro dos homes e mulleres de hoxe.

A el poderíamos aplicar os *Sonetos a Orfeo* (1922) de Reiner María Rilke, que se vía a si mesmo como o “portador” ou o “profeta” dunha mensaxe que lle era ditada por algo ou por alguén distinto del mesmo. E como consecuencia de todo isto, tiña pretensións explícitas non só sobre a súa propia experiencia da realidade, a súa “verdade subxectiva”, senón tamén sobre a realidade en si mesma, a “verdade obxectiva”. Por esta razón débese facer unha lectura dos seus escritos non só desde o valor político ou meramente estético, senón tamén do seu significado e da súa verdade. Noutras palabras: A cuestión que se ten que responder aquí non é se a mensaxe de Ratzinger merece respecto, senón se a súa impresionante visión sobre a vida e a morte; e sobre as relacións da humanidade e das persoas corresponden realmente á verdade.

Ser cristián é en si mesmo algo vivo, moderno, que atravesa toda a modernidade, formándoa e plasmándoa, e polo tanto, en certo sentido, realmente abrázaa. É importante que tratemos de vivir e concibir o cristianismo de tal xeito que asuma a modernidade boa e correcta, e ao mesmo tempo afástese e distíngase daquela que está converténdose nunha contrarelixión, ou unha nova relixión, como dixo recentemente Bieito XVI.

O núcleo da fe cristiá é a Revelación da verdade, é dicir, a redención que nos libera da alienación e división, e permítenos xulgar cada cultura chegando ao seu centro que é igualmente a expectativa da verdade; por iso, toda cultura illada, que rexeite o contacto e intercambio coa esencia dos pobos e costumes que a rodean, será deficiente nas súas funcións porque irá en contra da natureza da persoa humana.

Porén, non significa que a fe sexa un engadido á cultura existente, pois a fe mesma é cultura e non unha alma errante que busca ser adoptada ou entrar a formar parte dunha historia particular. Volvendo a J. Ratzinger encontramos que: A fe espida ou pura relixión non existen, pois non é algo abstracto que busque expresión dentro dunha cultura; en tal caso a cultura quedaría reducida a pura forma e



a relixión a un mero sentimento inexpressable. Non nos encontramos fronte a unha dualidade fe-cultura, onde cada parte constituínte realízase por separado e é un todo en si mesmo, senón ante unha expresión conxunta da historia onde a unión fe-cultura é máis que a fusión da herdanza e, por iso, non se pode reducir á suma das súas partes. Historia e fe son, polo tanto, partes constituíntes dunha identidade cultural; non puramente sintetizadas, pero en continuo perfeccionamento e reconciliación para lograr unha expresión universal do misterio da verdade sobre o ser humano.

Unha fe que sexa verdadeiramente digna, ao mesmo tempo, da natureza da fe e das esixencias da razón. A modalidade do testemuño en que a verdade cristiá se ofrece non violenta a liberdade de quen é tocado pola beleza, nin a abandona á súa sorte, senón que a provoca chamándoa a cumprir a súa natureza, mediante a acollida da beleza en que o corazón encontra o seu cumprimento. Bieito XVI púñanos diante, fai pouco tempo, a figura do beato John Henry Newman, mestre en ensinar-nos que o primado de Deus é o primado da verdade e do amor, desde o cal ensínanos a descubrir o xeito de vivir a fe no medio desta realidade social e cultura plural, de tal xeito que, os outros, poidan percibir a nosa presenza non como algo do que defenderse, senón como a nosa contribución ao ben de todos. Un xeito de estar presentes, libres, sen prepotencia, pero sen renunciar a vivir a fe na realidade que nos toca vivir.

Nunha conferencia, pronunciada en 1996, o entón cardeal Joseph Ratzinger respondeu á pregunta de se a fe pode ter aínda futuro, respondeu, « é o que ten máis futuro, porque corresponde á natureza do home. No home vive un anhelo e unha nostalxia inextinguible do infinito». E con iso indicaba tamén a condición necesaria: o cristianismo ten necesidade de encontrarse co home que vibra en cada un de nós para poder mostrar todo o seu potencial, toda a súa verdade. Pois, “non é posible darse conta plenamente do que significa Xesús Cristo se antes non somos verdadeiramente conscientes da natureza, do dinamismo que fai cada home e muller unha persoa. Cristo preséntase de feito como resposta ao que “eu” son, e só unha toma de conciencia atenta, tenra e apaixonada de min mesmo pódeme abrir a recoñecer, admirar, agradecer e vivir a Cristo. Sen esta conciencia Xesús Cristo é tamén un mero nome.

Cando a persoa humana non se sitúa neste horizonte, o Papa, di que cae no relativismo. O relativismo consiste na perda da capacidade do home para coñecer a verdade, para encontrar nela a liberdade definitiva e o cumprimento das aspiracións humanas máis profundas, é dicir, para encontrar a resposta exhaustiva ás súas esixencias. En efecto, se o home non encontra o que responde a esta aspiración, a esta esixencia, todo é relativo, opinable, e nada será capaz de atraer todo o seu eu, como documenta o misterioso letargo e o aburrimiento invencible a que estamos abocando ás xeracións actuais. Deste desinterese non está excluída a fe

cristiá. De aquí xorde o noso afán e a nosa tarefa para coñecer a verdade e ofrecela a todos na ágora pública: “Newman describe o traballo da súa vida como unha loita contra a crecente tendencia a percibir a relixión como un asunto puramente privado e subxectivo, unha cuestión de opinión persoal. Hei aquí a primeira lección que podemos aprender da súa vida: nos nosos días, cando un relativismo intelectual e moral ameaza con minar a base mesma da nosa sociedade, Newman, lémbra-nos que, como homes e mulleres, creados a imaxe e semellanza de Deus, fomos creados para coñecer a verdade, e encontrar nesta verdade a nosa liberdade última e o cumprimento das nosas aspiracións humanas máis fondas. Nunha palabra, estamos destinados a coñecer a Cristo, que é “o camiño, a verdade, e a vida” (Jn 14,6)” dixo Bieito XVI o 18 de setembro de 2010 en Birmingham.

Todo iso mostra cal é a natureza da crise en que nos encontramos sumidos. Non é só un problema relixioso ou ético, senón que estamos ante unha crise do humano. É máis, esta redución do home pode incluso convivir cun florecemento relixioso, como notou un agudo observador americano, E. L. Fortin: “Nietzsche advertiunos desde hai tempo que a morte de Deus é perfectamente compatible e pode coexistir cunha relixiosidade “burguesa”. El non pensou nin sequera por un momento que a relixión se acabase. Cando falaba da morte de Deus, o que puña en cuestión era a capacidade da relixión para mover a persoa e abrir a súa mente. A relixión converteuse nun produto de consumo, unha forma de entretemento entre outras, unha fonte de consolo para os febles ou unha empresa de servizos emotivos, destinada a satisfacer algunhas necesidades irracionais que é capaz de satisfacer mellor que ningunha outra. Aínda que poida soar unilateral, o diagnóstico de Nietzsche daba na diana”.

É nesta situación histórica do home onde o cristianismo debe mostrar a súa relevancia antropolóxica, a súa conveniencia humana, precisamente pola súa capacidade de “mover a persoa e abrir a súa mente”, de espertala do seu letargo e a súa pasividade. O home de hoxe tomará en serio a proposta cristiá, se a percibe como unha resposta significativa á súa necesidade fundamental. Todas as dificultades que vive o home de hoxe non conseguen arrincar do seu corazón a espera da súa plenitude humana. É a natureza mesma do corazón a que lle espolea a esperar. Pero, ao mesmo tempo, con frecuencia a dificultade de encontrar unha resposta faille dubidar da posibilidade dun destino positivo, ata o punto de parecer un sono.

O diagnóstico deuno o Papa en Fátima o 13 Maio de 2010: “Cando en opinión de moitos a fe católica deixou de ser patrimonio común da sociedade, e se ve a miúdo como unha semente asexada e ofuscada por «divindades» e polos señores deste mundo, será moi difícil que a fe chegue aos corazóns mediante simples disquisicións ou moralismos, e menos aínda a través de xenéricas referencias aos valores cristiáns. O chamamento valente aos principios na súa integridade é esencial e indispensable; non obstante, o mero enunciado da mensaxe non chega ao

fondo do corazón da persoa, non toca a súa liberdade, non cambia a vida. O que fascina é sobre todo o encontro con persoas crentes que, pola súa fe, atraen cara á graza de Cristo, dando testemuño del”. A esta tarefa estamos convocados Ilmos. Sres. Académicos e amigos.

Non podo rematar sen agradecer a presenza de todos votedes, e felicitar de corazón ao novo académico correspondente, Don Carlos Adrán Goás, que nos honra e anima co seu saber, e a súa acollida aos principios e oxetivos desta Academia Auriense Mindoniense de San Rosendo. Moitas grazas.

